

XORNADA DE ENCONTROS LITERARIOS CON

MARÍA REIMÓNDEZ

Acto do Iescha

Presentación do seu último libro

"A CASA DO AMO"

Interveñen tamén **LUZ DARRIBA** e **MARISA BARREIRO**

MÉRCORES 15 DE MAIO DE 2024 - 20:00 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA



PRESENTACIÓN DO LIBRO
A CASA DO AMO
DE
MARÍA REIMÓNDEZ
Escritora, tradutora e intérprete
Interveñen tamén **LUZ DARRIBA** e **MARISA BARREIRO**



MÉRCORES
15 DE MAIO 2024
20:00 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA
Entrada libre ata completar aforo

Instituto de Estudos Chairegos - Biblioteca Municipal - Biblioteca Agustín Fernández Paz - Concello de Vilalba
(C/O ES BASANTA SILVA)

O mércores **15 de maio de 2024** a escritora lucense **MARÍA REIMÓNDEZ** estará de visita en **Vilalba** para levar a cabo unha **xornada de encontros literarios** organizada pola **Biblioteca Agustín Fernández Paz do IES Basanta Silva**, a **Biblioteca Municipal**, o **Concello de Vilalba** e o **Instituto de Estudos Chairegos**. O programa será o seguinte:

Ás **11:30** da mañá **María Reimóndez** presentará os libros **"Furia"** e **"Corredora"** na **Biblioteca Agustín Fernández Paz do IES Basanta Silva**.

Ás **18:30** a escritora participará nunha conversa co **Club de Lectura** (con acceso ao público) arredor da súa novela **"A Dúbida"**.

E para finalizar a xornada, no acto do **Instituto de Estudos Chairegos**, **María Reimóndez** presentará o seu último libro **"A Casa do Amo"**. Será ás **20:00** horas dese mércores, día **15 de maio de 2024**, na **Casa da Cultura de Vilalba**, e contará tamén coa intervención de **Luz Darriba**, escritora, e de **Marisa Barreiro**, presidenta do **Iescha**.


Con esta **xornada de encontros literarios** as entidades organizadoras pretenden render homenaxe á admirable carreira literaria de María Reimóndez e aproveitar para poñer en valor a súa figura.



María Reimóndez, nacida en Lugo, é tradutora e intérprete, ademais dunha prolífica escritora. A súa obra inclúe poesía, narrativa, ensaio e literatura infantil e xuvenil. Destacan títulos como "Moda Galega" (2002), "O Caderno de Bitácora" (2004), "O club da calceta" (2006), e "Corredora" (2017). Tamén é recoñecido o seu traballo como ensaísta, con obras como "Feminismos" (2013) e "Aternativa está aquí" (2014). Como tradutora, traduciu ao galego

e ao castelán obras de autoras como **Salma** ou **Harriet E. Wilson**.

A súa obra foi galardoada en diversas ocasións, entre elas o Premio de Poesía **Johán Carballeira** por "Galicia en bus" (2018), o Premio **Pinto e Maragota** por "Cobiza" (2021), e o I Premio **Agustín Fernández Paz** por "Fóra do normal" (2018), destacando o seu compromiso coa diversidade e a igualdade na literatura galega contemporánea.



A casa do amo
Unha análise do discurso colonial e racista na literatura galega

MARÍA REIMÓNDEZ

A casa do amo
Autor/a : **María Reimóndez, Ana Luna Alonso, Alberto Álvarez Lugrís**

Unha panorámica sobre as teorías decoloniais e antirracistas que se usan aquí para deitar unha ollada crítica a diversos textos que, lonxe de pretender constituírse en catálogo, buscan interpelarnos para transformar os alicerces da casa de xeito que absolutamente todas as persoas teñamos acubillo nela.

Sinopse

A finais dos anos setenta, a escritora feminista negra lesbiana estadounidense Audre Lorde resumía a súa crítica ao feminismo branco coa famosa frase: «As ferramentas do amo nunca desmantelarán a casa do amo». A súa mensaxe segue alíndoa hoxe en diferentes movementos supostamente transformadores nos que se deixa de lado unha crítica en profundidade ás estruturas coloniais e racistas, ás «ferramentas do amo». Galicia en xeral e a literatura galega en particular ocupan un interesante lugar gozo, dado que por unha banda se arlián nunha posición non hegemónica a certos niveis, mais non deixan de ser unha nación e un sistema literario formulados dende as bases da branquitude e a continuidade colonial. É tempo de analizar a nosa casa como a casa do amo e revisar as nosas complicidades coloniais. Este volume ofrece unha panorámica sobre as teorías decoloniais e antirracistas que se usan aquí para deitar unha ollada crítica a diversos textos que, lonxe de pretender constituírse en catálogo, buscan interpelarnos para transformar os alicerces da casa de xeito que absolutamente todas as persoas teñamos acubillo nela.

Ficha técnica formato Papel	
Colocación	Clasificación BBK
Enrosco	JF
Código	Formato
ISBN	Papel
978-84-1710-472-2	152
Publicación	Tamaño
2023/02/04	23 x 16,5 cm